

A MIRADA NA DEVOCIÓN POPULAR Á N.^a S.^a DOS OLLOS GRANDES DE LUGO UNHA PERSPECTIVA MARIOLÓXICA

Por MARIO VÁZQUEZ CARBALLO

As liñas que seguen, froito e síntese dunha reflexión que se foi xestando hai tempo, queren ser expresión de agradecemento á Virxe dos Ollos Grandes e manifestación de respecto ás expresións da piedade popular mariana, seguindo as indicacións dos documentos conciliares e postconciliares, en propostas de purificación e renovación desas mesmas manifestacións e do culto a María no contexto do misterio cristián. Non só non podemos esquecer as tradicións dos nosos devanceiros, senón que, pola nosa mesma vocación, estamos chamados a recuperalas, difundilas e melloralas, co fin de que nunca se apaguen as luces da esperanza que mantiveron encendida, secularmente, a fe dos nosos pobos.

A Catedral de Lugo, centro incuestionable dun culto excepcional e milenario á Eucaristía, irradiou, de xeito simultáneo, unha poderosa forza de devoción mariana que pode documentarse dende os primeiros tempos da Reconquista⁽¹⁾.

Neste estudio, centrado *nos ollos e na mirada* nunha perspectiva mariolóxica, exponse o estado da cuestión sobre os momentos máis significativos da historia devocional á Nosa Señora. A continuación, faise unha descrición da actual imaxe da Virxe dos Ollos Grandes e unha breve reseña sobre o 15 de agosto como prototipo das festas marianas. Remata o estudo con algunhas hipóteses como punto de partida

(1) Cf. F. VÁZQUEZ SACO, *Nuestra Señora de los Ojos Grandes. Patrona de Lugo. Notas históricas*, Lugo 1973, 11.

para unha marioloxía dos ollos e das miradas e con subsidios para a meditación ante a imaxe da Virxe dos Ollos Grandes.

Preténdese descubrir, dun xeito sinxelo, as inmensas posibilidades que encerra a devoción á Virxe dos Ollos Grandes e purificar, fomentar e alentar camiños novos na imitación de María.

Breve historia devocional: estado da cuestión

A devoción á Nosa Señora é moi antiga. Se ben España está repleta de ermidas e santuarios marianos, os comezos dalguns destes –se damos creto ás tradicións sobre imaxes marianas que os motivaron– remóntanse ós primeiros séculos da Igrexa e incluso ós tempos apostólicos. Neste grupo de **santuarios marianos**, aparece citado, entre os primeiros de España, o da Virxe dos Ollos Grandes⁽²⁾. Desde os primeiros anos da Reconquista, a Virxe de Lugo e os incontables favores ós seus devotos está presente nos principais episodios da historia local⁽³⁾. Ela é quen alenta a obra restauradora do gran Odoario, a gran protectora dos reis, que imploran a súa protección para as súas conquistas; e, a ela, atribúenselle victorias logradas contra os inimigos da relixión e da patria.

Autores varios coinciden en afirmar a importancia da obra de Odoario. Despois das victorias obtidas por Pelaio nos montes de Asturias, liberada a cidade de Lugo polas tropas de Afonso I e do seu irmán Fruela I, volta á Cidade o célebre Odoario⁽⁴⁾, bispo da mesma, quen, despois de chorar no desterro a sorte dos seus fieis, atópase cunha cidade inhóspita e inhabitable; Odoario reedifica o *templo de Santa María*, e nel instala a venerada imaxe, oculta de 716 a 740.

“Puesto que Odoario reedifica el templo, destruído en 716, fecha de la primera invasión musulímica, dicho templo es anterior al siglo VII, dando base a la opinión de los que juzgan ser ese santuario mariano debido a una reacción antipricilianista de los siglos V o VI y aún a la otra opinión testimoniada por Ordoño II, que hace remontar su antigüedad a los tiempos del Apóstol Santiago, quien después de evangelizar el occidente de Galicia, siguió el itinerario de la vía romana central que pasaba por ‘Lucus Augusti’.

(2) Cf. J. VESGA, *Santuarios marianos españoles*, en: D. SARTOR, *Nuevo Diccionario de Mariología*, Madrid 1988 (1837-1851). Cf. a referencia ó noso santuario na pág. 1837.

(3) N. PEINADO GÓMEZ, *Lugo monumental y artístico*, Lugo 1970, 117-132.

(4) Cf. F. VÁZQUEZ SACO, *o. c.*, 26-28. F. Vázquez Saco fala da “divina impaciencia” deste Bispo a quen define como “figura prócer tanto por su sangre como por sus virtudes y apostólicas empresas”: *Ibíd.*, 26.

A Santa María de Lugo dejó Odoario en testamento muchas villas y aldeas desde las riberas del Miño a las del Ulla, es decir, las villas y aldeas restauradas por él”⁽⁵⁾.

Velaquí unha moi breve reseña dos principais episodios históricos: Afonso II o Casto, como proba de gratitude polas victorias do seu exército, despois de haberse encomendado á Nosa Señora, cedeu a Santa María de Lugo as cidades de Ourense e Braga cos seus territorios. Afonso III o Magno consagrouse á celestial señora e compuxo unha fermosa pregaria que aínda hoxe repite o pobo lucense. Afonso VI e a súa filla Dona Urraca din que viron cos seus propios ollos os milagres que facía a Nai de Deus na súa basílica de Lugo. Afonso VII, antes de ser unxido en Santiago de Compostela, foi consagrado pola súa nai Dona Urraca á Gran Señora. Afonso IX, Sancho IV, Afonso XI, Pedro I, Enrique II e caseque tódolos reis que nos tempos medievais pasaron por Lugo camiño a Compostela, rezaron devotamente ante a imaxe da Virxe dos Ollos Grandes.

De 1714 data a preciosa capela barroca que diseñou o xenial arquitecto Fernando de Casas Novoa, autor tamén do retablo realizado por Miguel Romai, que, segundo dín os críticos, foi o mellor escultor que tivo Galicia no século XVIII⁽⁶⁾. Máis recentemente, os Reis de España e os Duques de Lugo rezaron tamén ante o Santísimo Sacramento, participaron na Eucaristía celebrada no altar da Capela da Nosa Señora e visitaron a capela de san Froilán. (Disto xa son eu testemuña).

Estas constatacións históricas que expresan a gran devoción dos reis á Nosa Señora, esconden, sen vacilacións, a gran devoción popular que late e se manifesta nos corazóns dos fieis de Lugo, de Galicia e de moitos de España.

Porén, moi pouco se escribiu sobre a orixe e a fundamentación da advocación “*Virxe dos Ollos Grandes*”⁽⁷⁾ que Narciso Peinado describe como “*orixinal e feliz*”⁽⁸⁾. Coa contextualización que precede, intentamos aquí afondar nesta cuestión e extraer algunhas conclusións partindo dunha fundamentación bíblica e teolóxica dos “ollos coma correlatos do corazón”.

(5) M. CAPÓN FERNÁNDEZ, *María y Galicia. Discurso pronunciado en la Coronación de Ntra. Sra. De la Barca*, Santiago de Compostela 1947, 49.

(6) Cf. J. GUERRA, *Nuestra Señora de los Ojos Grandes*, El Progreso, 14 de agosto de 2007, 6.

(7) Algunhas referencias á “*perfección y hermosura*” da imaxe na obra citada de N. Peinado, pax. 119. Non deixa de ser suxerente esta vía teolóxica para o estudo da devoción a María na piedade popular, na relixiosidade popular e na liturxia. Sobre estas cuestións, cf. o documentado traballo de R. González, *Piedad popular y liturgia*, Barcelona 2005.

(8) N. PEINADO GÓMEZ, *o. c.*, 125.



Capela da N.ª S.ª dos Olhos Grandes

A actual imaxe da Virxe dos Ollos Grandes: descrición

Algúns datos históricos son moi críbles: en primeiro lugar, dedúcese a existencia dunha antiga imaxe, da antigüidade do culto a Virxe dos Ollos Grandes na igrexa de Lugo, que a ten por patroa. A cantiga 77 de Alfonso X é unha testemuña veraz. En segundo lugar: é evidente que a imaxe actual da Virxe representa, dun xeito moi semellante, á que o *Rei sabio* lle cantou no seu día. Algúns historiadores⁽⁹⁾ constatan que, para a representación da actual imaxe, de alabastro policromado, tívoise moi en conta a primitiva. Na imaxe actual, María aparece de pé, con manto e túnica longas; a cabeza cuberta cun velo que deixa entrever unha estirada e fermosa melena ondulada; mentras suxeita o neno coa man esquerda, ofrécelle a éste, coa dereita, o peito nutricio, branco e despido; o neno viste roupas amplas, leva unha bola na man esquerda, vai descalzo e coloca a súa manciña dereita sobre o peitiño da súa nai. Esta imaxe ofrece moitas similitudes coa Virxe do Leite do Museo catedralicio de Ourense. Relacións que datan a imaxe arredor do 1320⁽¹⁰⁾ aínda que outros autores (ver nota) refírense ó século XII.

O 15 de agosto: prototipo das primeiras festas marianas

O prototipo das primeiras festas marianas é a solemnidade do 15 de agosto, o *día da Nai de Deus María*, tal e como denomina a esta festa o *Leccionario Armenio* de Xerusalén (s. V), aínda que, con posterioridade, esta festa centrouse na glorificación de María, é dicir, no seu *dies natalis*. A finais do século V, é cando os críticos sitúan igualmente os relatos apócrifos máis antigos sobre o *Tránsito de María*, que suliñando a idea dunha morte singular da nai do Señor, represéntase arredor da Asunción⁽¹¹⁾. O culto á Virxe María tivo fondas raíces e fantasiosas frondes para un desenrolo sucesivo da reflexión na Idade Media. Existía a

(9) *Ibid.*, 118-119.


(10) Cf. R. YZQUIERDO PERRÍN, *Catedral de Lugo*, en: V. PASTOR (DIR.), *Las catedrales de Galicia*, León 2005, 120. Aínda que hai documentos que a fan remontar os tempos apostólicos (Pallares e certas monografías), Narciso Peinado considera que non é anterior ó século XII. Este mesmo autor considera a imaxe da Virxe unha obra do mestre Mateo: N. PEINADO GÓMEZ, *o.c.*, 118. Se ben é certo que, como moi ben relata o mesmo Narciso Peinado, o doutor Pallares é un escritor agradecido á Virxe dos Ollos Grandes, "*pues compuso su obra inspirado en pagar a la Señora una deuda de gratitud, cantando sus glorias y las de esta Iglesia*": *Ibid.*, 125.

(11) Cf. D. SARTOR, *Asunción*, en: *Nuevo Diccionario de Mariología*, Madrid 1988 (258-289). Tamén o Dr. Pallares, no capítulo XVII da súa obra se refire a festa da Asunción: "*Celébrase la fiesta del día de la Assumpcion a sancta Maria de Lugo en reconocimiento de su especial Patrocinio*": Cf. Argos Divina, edición Facsimil, páx. 118. Referencias tamén en el cap. IX de la misma obra.

crenza de que, por exemplo, quen morría o 15 de agosto ía directamente ó Paraíso, aproveitando que as portas estaban momentáneamente abertas para recibir á Nai de Deus. Por outra banda, cada fiel tiña a súa



Imaxe da Virxe



Exterior da capela

Virxe particular, tal e como ocorre aínda en moitas parroquias, onde é difícil discernir os límites entre superstición e devoción. Porén isto non é peculiar da nosa terra. Está bastante extendido por España e Europa. A este respecto, o escritor Fernando Díaz-Plaja observa que é difícil explicarlle a un estranxeiro “*por qué la Macarena es más milagrosa que la Virgen de los Siete Dolores. Pero si el extranjero proviene del Véneto o de la Italia meridional capta el asunto al vuelo. Es célebre el episodio del caballero que, mientras estaba por matar a un rival, lo oyó suplicar: ‘en nombre de la Virgen del Carmen, no me mates’, a lo que repuso el caballero: ‘has tenido suerte por haber nombrado precisamente a mi Virgen. Si invocas a otra, eras hombre muerto’*”⁽¹²⁾.

A pesares desta mezcla entre superstición, fanatismo e culto verdadeiro, a historia do culto litúrxico da Santa Nai de Deus ten a súa principal expresión nas festas marianas e data dos primeiros séculos do cristianismo. Cada festa refírese a un aspecto da participación de María no misterio de Cristo, e xuntas conforman un auténtico ciclo correlativo co dos misterios do Señor⁽¹³⁾. De feito, a festa da Anunciación, o 25 de marzo, xunto coa do 2 de febreiro, o 15 de agosto e o 8 de se-

(12) C. MARCHI, *Grandes pecadores, grandes catedrales. Una fascinante Edad Media: diablos, santos, cortesanas, mercaderes y guerreros en la historia de 15 iglesias europeas* (T. Original: *Grandi peccatori, grandi cattedrali*), Barcelona 1988, 176.

(13) Cf. J. I.ÓPEZ MARTÍN, *El culto mariano y la liturgia renovada después del Concilio Vaticano II. Doctrina y vida*, en: *Marianum* 143 (1992) 431-450; ID., *La Liturgia en la Iglesia*, Madrid 1994, 276-279.

tembro, atópanse xa en Roma no século VII, sendo honradas cunha procesión polo papa Sergio I (+701).

Estamos, pois, ante unha celebración de moita antigüidade, de gran rango litúrxico, coherente coa importancia obxectiva que a solemnidade ten (xunto coa do 1 de xaneiro e o 8 de decembro) e que, no caso de Lugo, confirma a importancia histórica do culto a Santa María.

Señora dos ollos grandes: unha marioloxía dos ollos e das miradas

Non se sabe exactamente, nin cando nin como, xurdiu a advocación “*dos ollos grandes*” aínda que o Dr. Pallares fai referencias á orixe desta advocación⁽¹⁴⁾. Se ben é certo que a devoción á Virxe de Lugo pasou por distintas advocacións a través dos anos (Nosa Señora de Lugo, Santa María a Grande ou a Maior, Santa María da Victoria, Nosa Señora dos Milagros...), segundo Meilán, desde 1584, é coñecida e venerada pola advocación dos “Ollos Grandes”. A estes distintos nomes e advocacións refírese xa o Dr. Pallares en *Argos Divina* no capítulo doce da súa obra, baixo o título: “*Varios nombres que tiene la imagen de Sancta Maria de Lugo*”⁽¹⁵⁾. Os nomes, afirma Pallares, son breves definicións das cousas que ciñen e explican a natureza de cada unha, como ensina Santo Tomás e outros. Incluso algúns chamáronlle a Nosa Señora, según Pallares, “*Virgen de muchos nombres*”. La razón de los muchos nombres la explica el citado autor, citando, a su vez, a san Bernardino, porque es tan incomprendible su grandeza y tan sublime su ser que para “rastrearle” son necesarios muchos nombres. Según este autor, *Nuestra Señora de los Ojos Grandes* “*es el nombre que más comunmente se le dá*”, y así lo intituló en la Bula de su Antigua Cofradía, “*siendo Comisario general de la Sancta Cruzada del Señor Obispo D. Iuan de Caruajal y, en nuestro gallego Idioma Nosa Señora dos Ollos Grandes. De ellos nació*

(14) J. PALLARES Y GAIOSO, *Argos Divina Sancta Maria de Lugo de los Ojos grandes, Fundación, y Grandezas de su Iglesia, Sanctos naturales, Reliquias, y Venerables Varones de su Ciudad, y Obispado, Obispos, y Arçobispos que en todos imperios la gouernaron*, Lugo 1700. Edición Facsimil, Lugo 1988. Véxase o breve estudo que, con motivo dos 300 anos da obra lle dedica D. Amador: Cf. A. López Valcárcel, *Argos Divina cumple 300 años. Primera historia de Lugo*, Lucensia, 21 (Vol X), 2000, 355-358. García Conde califica *Argos Divina* de “*bermosísima y peligrosa*” porque o autor escribe coma un namorado do seu Lugo e Galicia natal, pero dando crêto, en ocasións, a fontes espúreas que se atopan en letra impresa naquel tempo. Porén, según D. Amador, a.c., “*es la primera historia sistemática y racionablemente escrita sobre la ciudad de Lugo y su diócesis, immejorable en el acervo que aporta de datos tomados del archivo catedralicio y del municipal, aunque de éste en menor cantidad*”.

(15) J. PALLARES, *Argos Divina*, o. c., 89-93.

CAPELA E IMAXE DE N.ª S.ª DOS OLLOS GRANDES

- A capela, *anterior á Catedral lucense*, estaba, no mesmo lugar desta. A Catedral é do s. XII; pero a basílica de Sta. María xa existía no S. VIII.
- Primeiro documentos que fala de Sta. María de Lugo: Diploma do rey Bernardo II de 991.
- Dos *séculos XI ó XIII* diversos documentos do arquivo catedralicio refiren doazóns a Sta. María de Lugo.
- Alfonso II encoméndase a Sta. María de Lugo en 813 na loita contra os musulmáns.
- D.ª Urraca invoca a Sta. María de Lugo e ofrece o seu fillo que sería Alfonso VII.
- Alfonso V e Bernardo III fan tamén doazóns.
- A actual imaxe pode situarse no s. XII o XIII. (Rasgo insólito do bocío; o autor copiaría unha moza do lugar onde abundaba este mal, que agranda tamén os ollos).
- *Alfonso X o Sabio* adica a *Cantiga 77* a santa María de Lugo.
- O título de Ollos Grandes é do s. XVI, denominación popular.
- *Primeira mención da imaxe: 1539*, na toma de posesión do bispo Juan Suárez de Carbajal.
- *En 1736 inaugurou a capela actual*, obra do arquitecto Fernando de Casas Novoa; o retablo é de Miguel Romay.
- *O 15 de agosto de 1904*, o bispo Benito Murua fai a coronación canónica da imaxe por concesión pontificia.

este nombre, por tenerlos en proporcion de la hermosura de su Cuerpo, con que maior fe explica su altor, según reglas del arte, fin excelso, ni defecto, como dixo (12) S. Antonino de Forencia, y de sus grandes Ojos, que valen por muchos, no puede negársele por tan ajustado el titulo de Argos Diuina⁽¹⁶⁾.

Narciso Peinado describe o rostro da imaxe como “*apacible, grave y hermoso (...) cuyo color, en su natural, es blanco y rubio. Tiene los ojos vivos, alegres y grandes a proporción de su simetría, y por admirarse más esta excelencia y hermosura es llamada Nuestra Señora de los Ojos Grandes*”⁽¹⁷⁾.

Detrás desta fermosa, orixinal e feliz advocación⁽¹⁸⁾, máis aló do argumento da fermosura do corpo e da grandeza dos ollos, agóchase unha marioloxía dos ollos e das miradas, uns substractos teolóxicos con fundamentación bíblica, froito dun pensamento ben elaborado e oculto, en ocasións, baixo pregarías e expresións relativas ó corazón humano e a sentimentos fondamente relixiosos⁽¹⁹⁾.

Os ollos son o correlato do corazón⁽²⁰⁾. Tanto nas relacións entre as persoas como nas relacións entre os seres humanos e Deus, as actitudes profundas e intensas do corazón son as máis importantes desde a perspectiva bíblica. E, dado que o corazón humano se sustrae a tódalas miradas porque está escondido no peito, búscaselle unha correspondencia exterior que é precisamente a dos ollos. Por iso, non é posible coñecer

(16) *Ibid.*, 92.

(17) N. PEINADO GÓMEZ, *o. c.*, 125-126.

(18) Cf. *Ibid.*, 125.

(19) Son moitos os escritores que fixeron alusións a esta devoción, pero sin afondar nas causas da advocación. Certamente, entre os máis agradecidos hai que citar o Dr. Pallares, pois compuxo a súa obra inspirado en pagar á Señora unha deuda de gratitude, contando e cantando as súas glorias e as desta Igrexa. Cf. J. PALLARES Y GAIOSO, *Argos Divina Sancta Maria de Lugo de los Ojos grandes, Fimdación, y Grandezas de su Iglesia, Sanctos naturales, Reliquias, y Venerables Varones de su Ciudad, y Obispado, Obispos, y Arçobispos que en todos imperios la gouernaron*, Lugo 1700. Edición Facsimil, Lugo 1988. Véase el breve estudio que, con motivo de los 300 años de la obra le dedica D. Amador: A. López Valcárcel, *Argos Divina cumple 300 años. Primera historia de Lugo*, Lucensia, 21 (Vol X), 2000, 355-358. García Conde califica a Argos Divina de “*hermosísima y peligrosa*” porque el autor escribe como un enamorado de su Lugo y Galicia natal, pero dando crédito en ocasiones a fuentes espúreas que se hallaban en letra impresa en su tiempo. Pero es la primera historia sistemática y racionalmente escrita sobre la ciudad de Lugo y su diócesis, inmejorable en el acervo que aporta de datos tomados del archivo catedralicio y del municipal, aunque de éste en menor cantidad, según D. Amador.

(20) En Lc 11, 33-36 Jesús invita a abrir os ollos e pónense en paralelismo a conciencia e o corazón co “ollo interior”. Cando o “ollo está sano” pode ser comprendida a mensaxe de Xesús. Porén non sempre ocorre así: Cf. S. GUIJARRO OPORTO/M. SALVADOR GARCÍA (EDITORES), *Comentario al Nuevo Testamento*, Madrid, Salamanca, Estella 1999, 224.

os pensamentos ocultos do corazón, senón indirectamente, a través do que se expresa no rostro, e máis concretamente, nos seus ollos⁽²¹⁾.

Nun estudo sobre *María e Galicia*, con motivo dun discurso pronunciado o ano 1947 na Coroación da Nosa Señara da Barca, o entón cóengo mestrescola e Reitor do Seminario de Santiago, referíndose ó desterro do Bispo Odoario, á reedificación do templo de Santa María e á recuperación da imaxe da Virxe no templo, afirma: "...aquella imaxe *cuyos ojos grandes no se apartaron un momento de su pueblo escogido, durante los días del cautiverio*"⁽²²⁾.

Unha sinxela análise das afirmacións anteriores, lévanos a pensar que o cóengo Manuel Capón refírese ós ollos da Virxen desde unha perspectiva coidadosa e liberadora. A Virxe non apartaba, na súa maternal preocupación, os seus ollos coidadosos dos fillos queridos. As miradas... son expresións moi populares que revelan atención, preocupación, sentimento de cercanía e nobleza para cunha persoa. Mirarse e deixarse mirar, son os primeiros pasos para unha relación de confianza. Eles, os ollos, reflicten a vida interior do ser humano. Por esa razón, na Biblia atribúenselle intencións segredas do corazón, tales como o desexo, a esperanza, a humildade, a piedade, pero tamén o orgullo (cf. Is 2, 11), a ambición e a envexa (cf. Mt 5, 29; 18, 9; 2 Pe 2, 14; 1 Jn 2, 16). Por iso, a mirada nunca é neutral senón que está en función de diversos factores: o lugar desde onde se mira condiciona, en boa medida, o que se ve. En segundo lugar, a mirada está marcada polas ideas que se teñan acerca da realidade, no caso de María enfocada baixo a mirada de Deus. Desde estes parámetros, María contempla a realidade con algunhas particularidades concretas: María é unha muller normal do seu pobo, sinxela, humilde que vive en Nazaret, pequeno pobo de Galilea, rexión menospreciada, onde se falaba un idioma con un acento característico. Non era unha intelectual pero si unha muller intelixente que foi capaz de educar a Xesús nun ambiente relixioso axudándolle a descubrir os costumes e esperanzas do seu pobo, o seu xeito de ser, de falar e actuar.

María ve a vida cos ollos do Deus de Israel, mira e admira a obra da creación, percibe as necesidades dos demais (bodas de Caná) e amosa como o mundo está cargado dun sentido que debemos descubrir a través dunha mirada de profundidade ás cousas e ás persoas. Ela percibe coma ninguén a aflicción do seu pobo (Magnificat), coñece os seus sufrimentos e pídelles a Deus que o libere da opresión. A experiencia de

(21) Cf. F. RIVAS REBAQUE, *La experiencia espiritual de Jesús. Materiales para reflexionar personalmente y en grupo*, Madrid 2005, 34.

(22) M. CAPÓN FERNÁNDEZ, *o. c.*, 49. A negraña é miña.

“ver no fondo das cousas” é esencial para comprender a mirada de Deus. A mirada de María fíxase na vida dos máis necesitados, dos pobres, por iso lle canta “ós humildes” e pequeniños.

A cultura galega non é allea á intelixencia das miradas. Entender cos ollos é un atributo da delicada sutileza do amor. Falar cos ollos é unha expresión popular galega fundamente significativa. Os ollos, na nosa cultura peculiar, e noutras culturas, son algo máis que os órganos da vista. ¿Quen non reconece que os ollos dunha muller alcanzan a súa expresión suprema nunha mirada de tenrura? Os Ollos de Santa María de Lugo son tan grandes, fermosos, fondos e limpos que desexaría un bañarse neles, dí un poeta galego referíndose á Nosa Señora. En sentido figurado o “ollo” refírese tamén á atención e ó coidado que se pon en algo, á aptitude que alguén ten para apreciar con facilidade as circunstancias que concorren nalgún caso (*ter bo ollo; ollo clínico*). Sen dúbida os ollos da Nosa Señora son “*ollos regalados*”, grandes e moi abertos a quen os fillos lle “*entran por eses ollos garimosos*” con infinita misericordia materna, sempre atenta ás necesidades dos seus fillos, “*que por tantos siglos ha defendido su ciudad, favoreciendo a su Iglesia y socorriendo las necesidades espirituales y corporales de sus vecinos y moradores con multitud de prodigios acreditados documentalmente*”⁽²³⁾.



Os Ollos da Virxe de Lugo parécense, coa súa mirada atraínte, a un imán. A esta “*mirada atraínte e doce*” da Nosa Señora dos Ollos Grandes refírese, tamén, Juan José Cebrián con estas senlleiras palabras⁽²⁴⁾:

“*Nunca está sola en su sitio la Madre de Dios. La poesía, los himnos y canciones llenan los archivos capitulares. Es notorio para los lucenses que la Virgen de los Ojos grandes extiende su mirada sobre los fieles y nunca les abandona en sus peticiones de auxilio y socorro. Desde siempre ha sido, y aún hoy, la verdadera Madre de Lugo*”⁽²⁵⁾.

(23) N. PEINADO GÓMEZ, *o. c.*, 127.

(24) “*En una espléndida capilla situada en el testero del templo catedralicio de la bimilenaria ciudad, se venera una imagen de la Virgen, tallada en piedra, dando de mamar al Niño. Tiene la garganta abultada y los ojos grandes, semejantes a las estatuas hieráticas del alto medievo, pero con una mirada dulce y atrayente*”: J. J. CEBRIÁN FRANCO, *Santuarios Marianos de Galicia* (Vol. II de la serie *María en los pueblos de España*) Madrid 1989, 156.

(25) *Ibíd.*, 159.

“*Extiende su mirada sobre los fieles*”: Certamente, é imposible enumerar tantas Homilias dos Bispos de Lugo que rematan facendo referencias á Patrona de Lugo e, especialmente, ós seus ollos e á súa “mirada garimosa” sobre os fieis de Lugo. Confróntense, a este respecto, as homilias de Fr. Xosé Gómez.

Hai unha teoloxía dos ollos e da mirada. Unha teoloxía que se concreta, dun xeito moi especial, nunha marioloxía e, sobre todo, na iconografía sobre a Virxe María. “*Se alguien che pregunta pola túa fe, lévao á Igrexa e amósalle os iconos*”: estas palabras de San Xoán Crisóstomo axúdannos a situa-la iconografía nun dos contextos fundamentais: na mistagoxía e na catequese; é dicir, nos contextos de introducir e ensinar, a quen as contempla, nos misterios de María. Na Idade Media designábase a iconografía como a “Biblia dos pobres” porque axudaba a comprender e vivir mellor os misterios nun tempo no que poucos tiñan acceso a palabra lida e escoitada. Na iconografía “*Deus fala coa linguaxe dos pobres*”⁽²⁶⁾.

Os pobres, predilectos de Deus, son tamén o centro das miradas de María. María forma parte do pobo fiel de Israel, dos chamados e considerados “*pobres de Yahveh*”. Hai, pois, unha *María da historia*⁽²⁷⁾, aquela xove xudea, esposa de Xosé, Nai de Xesús de Nazaret, a quen a comunidade cristiá confesa coma Nai de Deus feito home. Por iso convén distinguir, aínda que non separar, a persoa de María da *marioloxía*. O mesmo significado do nome *María* revélanos unha gran verdade teolóxica, que María, a pobre de Yahveh, foi *amada de Deus* por ser *excelsa, sublime*⁽²⁸⁾.

“*La imaginación poética de aquella mujer, que sabía mirar con ojos de asombro y de curiosidad, era la cualidad que la ayudó a desvelar las realidades poco visibles en la prosa de la vida*”⁽²⁹⁾.

Somente é capaz de admirarse quen aprendeu a mirar. Mira quen vai pola vida captando todo aquilo que pode chegar a sorprender a curiosidade humana. A admiración cultívase cando se aprende a discernir o que é realmente fermoso, sorprendente, creativo. “*¿Como será iso,*

(26) D. ANGE, *El abrazo de fuego: el icono de la Trinidad de Rublev*, París 1981, 45.

(27) O Novo Testamento, os apócrifos, toda a tradición cristiá están d’acordo na testemuña de que a xoven xudea María foi a nai de Deus: Cf. I. PACOMIO, V. MANCUSO (DIRS.), *Diccionario Teológico Enciclopédico*, Estella (Navarra) 1995, 598.

(28) Considéranse como máis plausibles dúas indicacións: a que fai deriva-lo nome de María composto exipcio-hebreo *Myr-yalyam*, *amada de Yahveh*; e a que o fai derivar do ugarítico *mrym*, que significa altura, é dicir, *excelsa, sublime*. As dúas etimoloxías son posibles e as dúas indican perfectamente o que a fe ve na Nai de Xesús: Cf. *Ibid.*

(29) A. GALINDO GARCÍA, *Felicitación y ternura en la mirada de María*, en: J. L. ORTEGA (Ed.), *¡Bienaventurada! Alabanzas y parábolas de la BAC a la Virgen María en el umbral del tercer milenio*, Madrid 2001, 117.

pois non coñezo varón?”: Velaquí a raíz da tenrura e da capacidade de admiración do ser humano.

Ante a contemplación da imaxe da Nosa Señora dos Ollos Grandes é posible purificar e limpiar a mirada. Hoxe, cando nos situamos ante a mirada de Deus e de María é fundamental, para poder entender a natureza das cousas sagradas, deixar en desamparo as adherencias dunha sociedade consumista que nos ofrece sofisticadas formas de civilización que escurecen as cargas poéticas do Evanxeo, ocultan as utopías e complican as cousas sinxelas desnaturalizando o máis puro e enxebre da existencia humana. Tal vez, por iso, as miradas de moitos, na modernidade, tórnanse tristeiras, saturadas de obxectos para consumir, absortas no inmediato, sin capacidade para admirarse ante unha paisaxe conmovedora e para buscar a interioridade que se atopa nas actitudes contemplativas.

“Ver”, na Biblia, ten unha inmensa gama de significados: desde a mirada distraída ata o propio nome de “vidente” con referencia ós antigos profetas (cf. 1 Sam 9, 9), o “*ollo do espírito*” (¡lámpada do corpo!) que considera e toma conciencia dunha situación determinada, ou incluso, o célebre “*ver para crer*” do evanxelista Xoán. Por iso, o ollo é considerado na cultura bíblica, e na actual, coma un dos bens máis preciosos, que debe gardarse con agarimo e coidado.

Tamén no mundo semítico existe o medo ó “*ollo malo*” ou ó “*mal de ollo*” (*meigallo*), medo da mirada cobizosa e envidiosa, porque pode producir enfermidades ou causar maleficio. De ahí a razón dos amuletos para defenderse. “*O home mesquiño é detestable, aparta o rostro e desprezia ós demais*” (Si 14, 8). O amo da viña bótalles en cara os traballadores que se queixan por ter recibido igual ca os demais: “*¿Ou é que tes envexa (literalmente: mal de ollo) porque son bo?*” (Mt 20, 15). A carta ós Efesios ofrécenos esta suxerente expresión: “*Que o Deus e Pai do noso Señor Xesús Cristo ilumine os ollos do voso corazón*” (Ef 1, 18), que abra o voso corazón á súa luz (cf. Sal 13, 4 y 19, 9).

Resumindo, a mirada de María reflexa de maneira privilexiada a mirada de Deus, pois fíxase nas persoas concretas, pero cunha particular atención ós máis necesitados. Por iso é capaz de ter un coidado peculiar por cada ser humano, considerando algo único e irrepetible. É unha mirada capaz de prestar atención as necesidades de grupos numerosos, entre as multitudes, preocupada ben por atopar ó seu Fillo, ben por resolver as necesidades duns noivos⁽³⁰⁾.

(30) Cf. F. RIVAS REBAQUE, *o.c.*, 81-90. O estudio de Fernando Rivas non se refiere a Virxe María, pero foime moi útil e suxerente para as afirmacións aquí verquidas.

Subsidios para unha meditación ante a imaxe da Virxe dos Ollos Grandes

Sen entrar en máis análises bíblicas, aplicando algo do devandito coa fin de contribuir á purificación da nosa espiritualidade mariana, podemos afirmar o seguinte: Na Biblia *ter os ollos grandes e ben abertos* significa comprender algunha cousa e recoñecer a alguén persoalmente. Fronte o Deus do deísmo, indiferente coa súa mirada, lonxano e incapaz de recoñecer persoalmente ó ser humano, o Deus cristián, acollido no colo da súa Nai coma revelación encarnada que procede do Pai, amósase solidario, cercano e capaz de chamar e recoñecer ó ser humano polo seu nome. E isto, desde o colo da nai.

Pero aínda máis, *os ollos grandes*, que miran con agarimo, son liberadores e misericordiosos⁽³¹⁾ que devolven a vista da fe e liberan das tebras da eternidade. Os ollos grandes da Nosa Señora recordan os ollos dos pobres de Yahvéh do Antigo Testamento, que souberon descubrir a presenza do Mesías ou entender de fe, a pesares dos sufrimentos da existencia, coma o santo Xob, cando, ó fin se lle abriron os ollos e foi capaz de recupera-la confianza no Deus que aparentaba escondido e insolidario ante as súas calamidades⁽³²⁾.

No salmo 123 compárase a relación con Deus coa que teñen os criados cos seus donos: “A Ti alzo os meus ollos, a Ti que moras no ceo. Coma os ollos do servo no seu señor, (...) así están os nosos ollos en ti, Señor, noso Deus, en tanto El non se apiade de nós”. A Biblia non ten reparos en falar dos “ollos de Deus”, porque Deus ve co seu corazón, e cando “pon os seus ollos” sobre alguén, non soamente o mira no sentido vulgar da palabra, senón que se preocupa del e se dispón a salvalo.

A mirada da Virxe dos Ollos Grandes non é mirada pequena. É mirada de Nai misericordiosa (“*Vuelve a nosotros esos tus ojos miseri-*

(31) Sobre os numerosos santuarios dedicados a María coma Nai da misericordia; sobre as distintas facetas complementarias da acollida materna; e sobre a concepción dos santuarios marianos como “a Casa da Nai”, etapas de parada e de repouso no longo camiño que leva a Cristo onde se toma contacto coas grandes riquezas que o Señor donou á súa Igrexa, en particular os sacramentos, a graza, a misericordia, a caridade cos irmáns que sofren e os enfermos..., sobre isto, Cf. J. PABLO II, *Alocución durante el rezo del Angelus* (21 de junio de 1987); e tamén: Insegnamenti X/2 (1987) 2295; sobre los santuarios marianos como memoria de la acogida materna de María: J. ESQUERDA BIFET, *Los Santuarios Marianos, memoria y signo de la presencia y acogida materna de María*, en: Instituto Mariológico Nuestra Señora de Covadonga. *Cuadernos de estudios*, Los Cabos (Asturias) 2006, 143-169.

(32) Para profundizar nestas cuestións, Cf. M. VÁZQUEZ CARBALLO, *La solidaridad de Dios ante el sufrimiento humano*, Salamanca 1999.

cordiosos”) como se canta na *Salve Regina*, pregaría do bispo compostelano san Pedro de Mezonzo, vinculado a Santa María de Lugo “por una simpática tradición o poética leyenda, según la cual el insigne varón que con el aroma de sus virtudes santificó la ciudad de Santiago y los cenobios de Mezonzo, Antealtares y Sobrado, compuso su dulcísima plegaria ante la imagen de los Ojos Grandes”⁽³³⁾.

Mirada omniabarcante, fonda. Sen dúbida, o Fillo desta Nai Santa, mirando e contemplando os Ollos Grandes da súa nai, tal e como o vemos na imaxe da nosa Virxe, tivo que aprender da contemplación deste mirada amorosa, de ollos que “amorizan”⁽³⁴⁾ e “intelixen”. O corazón *intus legit*, é capaz de ler no fondo da alma, máis aló do limiar do inmediato; e isto é a intelixencia (*intus legere*). Por iso, na liña de Pascal, unha intuición popular, tan sinxela coma fonda, afirma: “Os grandes pensamentos veñen do corazón”. Neste senso compre recuperar unha teoloxía da tenrura e do agarimo⁽³⁵⁾, como actitudes do coidado e da protección cara ós demais.

As imaxes evanxélicas da tenrura son froito dunha mirada. O bó samaritano, antes de ter compaixón do home tirado no camiño, mirouno. O Pai do Fillo Pródigo, antes de conmoveuse, viu ó fillo que voltaba, e despois conmovido, correu, botóuselle ó pescozo e bicouno efusivamente.

Cómpre, pois, recuperar a mirada tenra. A Virxe dos Ollos Grandes coa tradicional devoción popular dos católicos de Lugo, é unha excelente mediación para elo. Moitos conflitos relixiosos cristalizaron arredor dos símbolos do Deus terrible ou da Nai lonxana e apartada do pobo. A mirada da Nosa Señora non é a mirada que xulga implacable as inevitables imperfeccións humanas. Nietzsche, en *La Gaya Ciencia*, refírese a mirada “indecente” de Deus, do Deus que miraba a ignorancia e fealdade escondidas nos humanos. Tamén en Sartre, atópase, desenrolado, o terror á mirada divina. Na súa autobiografía literaria, *Las palabras*, ten unha impresionante descrición da mirada indiscreta de Deus. Indignado, furioso, acabou maldicindo a tan terrible ser para que nunca máis volvera miralo⁽³⁶⁾. O noso Deus non é así. Os Ollos

(33) F. VÁZQUEZ SACO, *o. c.*, 106. Certamente a pregaría “dos ollos misericordiosos” adquire forza, vida e patetismo ante a nosa imaxe. Según Vázquez Saco no é difícil, nin violenta, a evocación de san Pedro de Mezonzo, pois el estivo na nosa Diocese de xeito que, según este prestixioso autor, “los ojos de Pedro de Mezonzo pudieron llorar ante los de la Virgen de Lugo”: Cf. *Ibid.*, 107.

(34) Fermoso neoloxismo do Padre Teilhard de Chardin, Cf. P. TEILHARD DE CHARDIN, *El fenómeno humano*, Madrid 1963.

(35) Cf. C. ROCCHETTA, *Teología de la ternura. Un 'evangelio' por descubrir*, Salamanca 2001.

(36) Sobre este tema e outras curiosidades significativas, Cf. L. GONZÁLEZ-CARVAJAL SANTABÁRBARA, *Dios en nuestros miedos*, Sal Terrae 93 (2005) 29-38.

Grandes da Nosa Señora tampouco, porque o Fillo, precisamente o Fillo, estase a mirar neles aprendendo a pedagogía da tenrura e da misericordia que latexan nos ollos “amorizosos” da súa nai.

Certamente, a Nai de Deus, e Nai nosa, non teñen nada que ver, aínda que algúns o pensen, co Deus e a Nai de Nietzsche nin de Sartre. A Nosa Nai é a Señora ante a que os ricos e pobres atoparon fascinación e misericordia; é a Señora ante a que os asesinos se converten en santos, os borrachos en místicos, os tolos e idiotas en coñecedores de Deus e amantes da vida; os miserables en seres escollidos con dereito a ser amados por Deus e as prostitutas en mulleres preferidas de Deus que atopan en María o berce onde sentirse acollidas e salvadas.

Son eles, somos nós, xentes temerosas de Deus, polo fondo respecto que o Creador produce na creatura, pero nunca escravas do medo nin sometidas á vontade duns tiranos. A mirada de María refrexa hoxe, para nós, aquela mesma invitación do anxo de Deus no momento da Anunciación: “*Non teñas medo, María, porque atopaches graza diante de Deus*”.

Teoloxía da Mediación Salvífica de María

Esta mirada da Nosa Señora é mirada fundamente estética⁽³⁷⁾ que fascina pola súa grandeza e fulgor. É mirada de beleza salvífica⁽³⁸⁾. Ela, coma criatura primeira de Deus, é a Nai onde máis e mellor se nos fai presente o amor divino, a máis semellante e próxima a Deus, a Argos Divina, a mediación máis perfecta. Por iso, compre recuperar unha nova marioloxía, completada e fecundada desde a perspectiva do *pulchrum*. O teólogo suízo H. U. von Balthasar, non dubida en afirmar que, quen despreza a beleza xa non é capaz de rezar e pronto non será, nin tan sequera, capaz de amar⁽³⁹⁾. De Fiores realizou, hai tempo, un estudo riguroso sobre *María nell' estetica teologica e nella teodrammati-*

(37) Sobre a importancia da *Via esthetica* na teoloxía actual, cf. G. TEJERINA ARIAS, *Via esthetica. El acceso a Dios a través de la belleza del mundo*, Salamanca 2007.

(38) C. M^a. MARTINI, *La belleza que salva. Catequesis cuaresmal*, Valencia 2001. Nas últimas décadas, na teoloxía en na vida cristiá en xeral, medrou a atención ao bello. Quizaves non esteamos ante unha primacía equiparable a que no pasado detentaron as categorías de *verdade e ben*, porén na actualidade medrou o interés pola experiencia contemplativa, o maior cooidado dos elementos formales da liturxia, o aumento de publicacións sobre a dimensión estética do misterio cristiá e a presenza desta perspectiva no maxisterio da Igrexa: Vg. J. PABLO II, *Carta a los artistas*, Vaticano 1999. En outros documentos como la exhortación *Vita Consecrata* de Juan Pablo II, de 1995, la sensibilidad y la perspectiva estética juegan un papel muy destacado y apreciable.

(39) Cf. H. U. von BALTHASAR, *Gloria. Una estética teológica*, vol. I: *La percepción de la forma*, Madrid 1985, 23. E tamén: F. CONTRERAS MOLINA, *María, belleza de Dios y madre nuestra. Comentario literario-teológico a los más hermosos poemas marianos del siglo XX*, Estrella (Navarra) 2004.

ca di von Balthasar presentando a María como o esplendor da Igrexa e no contexto da teodramática, coma persoa teolóxica do teodrama⁽⁴⁰⁾.

María aparece situada, despois do Concilio Vaticano II, no punto de partida e no centro mesmo do misterio de salvación. A evolución postconciliar da marioloxía estivo marcada por dous importantes documentos maxisteriais: a exhortación apostólica *Marialis cultus*, de Pablo VI, de gran actualidade, que aínda hoxe cómpre rememorar e reler⁽⁴¹⁾ e a encíclica *Redemptoris Mater* que se presenta como unha nova meditación de toda a mensaxe do capítulo VIII da I.G en clave teolóxico-espiritual, cunha forte impregnación bíblica. A novidade con respecto ó Concilio radica na forte insistencia na dimensión histórica de María. É dicir, que non só se comprende a María no camiño da súa fe, senón que se lle percibe presente, de xeito moi activo e exemplar no camiño histórico da Igrexa.

Velaquí dous significativos documentos postconciliares para recuperar o auténtico culto e a verdadeira devoción á Nosa Señora. Documentos para rezar e meditar. Documentos para reler contemplando a mirada da Nosa Señora. Mirada que se torna chea de paixón no noso camiñar monótono para descubrir portas, ventás, xardíns e bosques onde bule a actividade dos verdadeiros fillos de María, daqueles que nacen e viven; daqueles que morreron pero que algunha vez formaron parte do que hoxe somos: imaxes para o recordo, lembranzas do pasado, saudades, ... bulir de outros ollos, lonxe no tempo, pero sempre presentes baixo a mirada amiga, a mirada salvadora da Nosa Señora.

Resumindo, A Nosa Señora dos Ollos Grandes, *muller icono do misterio*⁽⁴²⁾, é recoñecida polo seu pobo, dentro dun círculo luminoso, coma mediadora (poderosa) e misericordiosa (clemente). Pero ensanchando as perspectivas, partindo das análises feitas sobre a Nosa Señora, podemos afirmar que María é vista coma presenza viva e maternal que intervén como mediadora singular e universal; capaz de compartir os sufrimentos humanos (cura ós encolleitos); por ser Nai, camiño pri-

(40) STEFANO DE FIORES, *Maria nella teologia contemporanea*, Roma 1987, 351-370.

(41) Proclamouse o día 2 e febreiro de 1974. Xa antes Paulo VI interviria no tema mariano coa Exhortación apostólica *Signum Magnum* do 13 de maio de 1967, que se considera coma un comentario pastoral a I.G, cunha acentuación especial dos aspectos de María Nai da Igrexa e modelo de tódalas virtudes.

(42) *María, la mujer icono del misterio*, é o título dunha moi documentada obra de Bruno Forte impresa en Salamanca 1993. Moi suxerente o capítulo III desta obra na que nos presenta a María en tres apartados: coma Virxe, Nai e Esposa (161-279).

vilexiado de comunión e modelo de existencia cristiá, proxecto do que todos seremos algún día e ideal do que nos gustaría ser⁽⁴³⁾.

Canto de despedida

Debemos dar por boa a intuición dos artistas que representaron sempre a María, e dun xeito moi especial á Nosa Señora dos Ollos Grandes na súa capela, asunta á gloria e rodeada de anxos e santos. Ela é a Nosa Señora da esperanza que nos amosa a posibilidade de disfrutar nós, tamén, desa benaventuranza. Cun canto de despedida, rematamos:

Señora, “*da que Deus mamou leite do seu peito non é maravilla de sanar contreiro*” (*De la que Dios con su leche ha nutrido no es maravilla que sane a un tullido*), a máis divina canto máis humana (Manuel Machado), a ti levantamos hoxe a nosa pregaría agradecida facéndonos eco de poéticos versos que a ti cantaron, cheos de fe, devotos contritos e santos benditos.

Ti es, María, Señora dos Ollos Grandes, fonte, cunca, pozo de vida e de bágoas sanadoras.

Ti es, Señora, comezo e fin da auga redentora, segredo revelado, espello que brila e reflicte no meu cansado rostro melancólico. Camiñando lento, sen volta para o olvido, busco en ti o tempo inmemorial, a única memoria verdadeira, onde quedo deslumbrado, diante de tanta gradeza e fermosura.

E ti ollácheme a min caladamente. ¡Pola túa limpa ollada vou ferido coa poderosa luz do transcendente!

E cando, ó fin, cheguen os tempos derradeiros de pechar os ollos, déixame rezarche co último verso daquel famoso poema cantado, con fe fonda, polo poeta de Mondoñedo: “*E a Nosa Señora a derradeira ollada*”⁽⁴⁴⁾.

(43) Cf. STEFANO DE FIORES, *María nella teologia contemporanea*, Roma 1987, 345.

(44) A. CUNQUEIRO, *Obra en galego completa*, Vigo 1980, I, 111. Do poema “*recomendación da alma e do corpo*”.